



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA Á FASE DE DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE ARCILLÁ, BESTAR, VILAR E SISOI, NO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE DO EXPEDIENTE: 2022/0007).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro) modificada pola Lei 9/2018, de 5 de decembro e polo real Decreto Lexislativo 23/2020, de 23 de xuño, establece, no artigo 7,2 que os proxectos incluídos no seu Anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na Sección 2ª do capítulo II (título II) de dita Lei.

Á vista do antedito, o promotor, en virtude do artigo 7.1.d, da mesma Lei, decidiu someter o proxecto a un procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinario, polo que procede formular a súa declaración de impacto ambiental (DIA en adiante), consonte co artigo 41 da citada Lei.

1.-OBXECTO DO PROXECTO, DESCRICIÓN, PROMOTOR E ÓRGANO SUBSTANTIVO.

1.1-Obxecto do proxecto.

O proxecto presentado consiste na fase de desenvolvemento da reestruturación parcelaria das parroquias de San Paio de Arcillá, Santa María de Besta, Santa Eulalia de Sisoi e Santa María de Vilar no concello de Cospeito (Lugo). Dita reestruturación parcelaria ten como obxecto optimizar as condicións estruturais das súas explotacións agrarias, incrementando así a súa produtividade.

1.2.-Descrición do proxecto.

1.2.1.-Localización.

O proxecto de reestruturación localízase no sur do concello de Cospeito, o cal pertence a comarca de Terra Chá, provincia de Lugo Abarca as parroquias de San Paio de Arcillá, Santa María de Besta, Santa Eulalia de Sisoi e Santa María de Vilar.

Os límites da zona de estudo son os seguintes:

- Norte: Parroquias de San Xulián de Támoga e San Martiño de Lamas, ámbalas dúas do concello de Cospeito.
- Sur: Parroquias de Santa María de Cella e San Pedro de Taboí (concello de Outeiro de Rei), e San Xulián de Mos (concello de Castro de Rei).
- Leste: Parroquias de San Martiño de Lamas e Santa María de Xermar (concello de Cospeito).





- Oeste:: Parroquias de San Xulián de Támoga (concello de Cospeito), Santiago de Felmil e O Salvador de Damil (concello de Begonte), Santa María de Cella (concello de Outeiro de Rei).

A superficie total de actuación é de 1.130,72 ha. das que se exclúen as seguintes zonas:

- Zona de exclusión 1 de 117,51 ha, ocupada pola explotación mineira "Bestar".
- Zona de exclusión 2 de 60,58 ha, que se corresponden co humidal "Chao de Arcillá" e cunha zona de carballeiras galaico-portuguesa.
- Zona de exclusión 3 de 36,53 ha, nas que se atopa o humidal "Veigas do Regueiro" e o LIC Parga-Ladra-Támoga.
- Zona de exclusión 4 de 17,62 ha, onde se sitúan os humidais "Veigas de Felmil" e "Requeixo" ademais do LIC Parga-Ladra-Támoga.

Tampouco estarán afectados polo proceso de reestruturación parcelaria os bosques aluviais das beiras dos ríos Miño e Támoga dentro do dominio público hidráulico.

1.2.2.-Accións do proceso da Concentración parcelaria.

A concentración parcelaria leva a cabo unha serie de actuacións inherentes ao propio proceso que, en función da fase na que se atopen, son:

a) Fase de formulación, nesta fase as accións susceptibles de producir impacto serían:

- Planificación do novo viario.
- Deseño de novas fincas.
- Valoración e situación de novas fincas de substitución.

Nesta fase terase en conta a eliminación de pes arbóreos, o abandono da explotación do solo e a densificación da construción.

b) Fase de execución, as accións susceptibles de producir impacto serían:

- O replanteo e conformación de novas fincas de substitución.
- Construción da rede de novos camiños de servizo e obras de infraestrutura.

Os efectos potenciais serían: a perda temporal de funcionalidade de lindes para a fauna, a desaparición de áreas comunais, efectos sobre a paisaxe e a vexetación, efectos sobre o patrimonio arqueolóxico, perturbacións á fauna e a poboación por emisións acústicas.

1.2.3.-Descrición básica do proxecto.

Se prevé o trazado de 17 camiños de nova apertura e o acondicionamento de outros 3 que suman un total de 20,06 Km e 834,43 m respectivamente.





Propónse que teñan un ancho de firme de 5,0 m, e 1 m de gavia a cada lado da rasante.

1.2.4.-Descrición do medio.

Medio Físico:

A zona obxecto do proxecto presenta un clima de tipo oceánico menos nos meses centrais do verán nos que é de tipo intermedio sen chegar a acadar a caracterización de mediterráneo. A precipitación media anual é de 985,57 mm e a temperatura media anual 11,1°C. A zona de reestruturación presenta unha continentalidade media, tendo un período de xeadas bastante frecuentes de 7 meses, sendo o período máis frío o correspondente aos meses de decembro, xaneiro e febreiro. Non obstante a neve é un fenómeno esporádico nas últimas décadas e raramente permanece máis de 1 o 2 días.

O relevo da zona de reestruturación, situada na comarca da Terra Chá lucense, presenta unha altitude media de 396,5 metros e pendentes moi suaves. A pendente media sitúase no 3,33% o que indica que é unha zona totalmente chá.

Case a totalidade da zona permite o laboreo continuado o que nos indica a súa capacidade produtiva, tomando unicamente medidas sinxelas para a conservación da súa fertilidade con pendentes suaves e solos profundos.

A zona pertence a conca do Río Miño, sendo este río o máis importante e que limita polo sur. Ademais destaca o Río Támoga, tributario do anterior e o Rego de Arcillá, o cal vertebrará a zona de norte a suroeste.

Medio Biótico:

Na zona de estudo detéctanse os seguintes hábitats prioritarios:

- 4020: Breixeiras húmidas atlánticas de *zonas temperadas*.
- 91E0: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion Incanae*, *Salicion albae*).
- 9230: Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- 3260: Ríos de pisos de planicie a montano.
- 4030: Uceirais secos europeos.

Observamos que un dos hábitats detectados na zona (91E0) é prioritario.

Na área inventariáronse un total de 95 especies de aves, 19 especies de mamíferos, 11 especies de anfibios inventariadas, e 7 especies de réptiles.

Con respecto a flora da zona existen dúas especies, *Narcissus triandrus* e *Narcissus pseudonarcissus* subsp. *Nobilis*, de interese comunitario e estritamente protexidas no Anexo IV do Real Decreto 1997/1995, que traspón a Directiva 92/43/CEE.



Dentro da zona de estudo destaca o Lugar de interese Comunitario Parga-Ladra-Támoga que ocupa unha superficie de 38,60 ha, así como diversos humidais que ocupan unha superficie de 50,32 ha.

Patrimonio Historico:

Con respecto ao patrimonio histórico, artístico e cultural identificado no correspondente Proxecto de Prospección Arqueolóxica Intensiva, identificáronse os seguintes elementos:

- 5 edificios, monumentos ou elementos de enxeñería catalogados como elemento arquitectónico civil ou relixioso.
- 9 elementos pertencentes ao patrimonio etnográfico.
- 23 xacementos arqueolóxicos.
- 1 asentamento fortificado,

1.3.-Promotor e órgão substantivo.

O promotor e órgano substantivo é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Unha imaxe da zona de reestruturación parcelaria é a seguinte:





2.-TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE.

2.1.-Resumo da tramitación.

Por solicitude dos veciños, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural iniciou a Reestruturación Parcelaria nas parroquias de San Paio de Arcillá, Santa María de Besta, Santa Eulalia de Sisoi e Santa María de Vilar, no concello de Cospeito (Lugo).

Con data de 04/12/2020 publicouse no DOG núm 245 o anuncio do 13 de novembro, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Arcillá, Bestar, Vilar e Sisoi, no concello de Cospeito (Lugo).

Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano substantivo, en cumprimento do artigo 37 da Lei 21/2013, consultou as seguintes administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas sobre os posibles efectos significativos do proxecto sobre o medio ambiente.:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Sociedade Galega de Historia Natural	X	
Instituto de Estudos do Territorio	X	
Federación Ecoloxista Galega		X
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.	X	
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	X	
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X	
Concello de Cospeito.	X	
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	X	
Consello da Cultura Galega	X	

2.2.-Análise do expediente.

O expediente contén o Estudo de Impacto Ambiental, a copia do anuncio de información pública, o certificado de exposición pública do Servizo de Infraestruturas Agrarias, no que se deixa constancia de que durante este período non foron presentadas alegacións, o informe do órgano substantivo e a copia das solicitudes de informe e dos informes emitidos polos distintos organismos consultados.

Os organismos consultados informan o seguinte:

1.-A **Sociedade Galega de Historia Natural**, remite opinión sobre cuestións que corresponden aos órganos competentes formuladas nos seus respectivos informes.

2.-O **Instituto de Estudos do Territorio**, informa á vista da documentación achegada o seguinte:

- O trazado da rede viaria debería adaptarse o máis posible á existente, primando en todo caso o acondicionamento e a modificación parcial sobre a execución de novos trazados, e acomodando o trazado das pistas a unhas formas ben integradas no lugar.





- Nos camiños existentes limitados por muros ou valados tradicionais, ou aliñamentos ou sebes vexetais de especies autóctonas, é recomendable manter os citados elementos, e cando sexa necesario ampliar a súa sección, facelo por unha soa das beiras, para manter os elementos de interese na outra.
- Para o pavimento dos camiños escolleranse solucións acordes coa súa función, segundo se trate de comunicación ou servizo a parcelas; para o segundo caso, optarase polo emprego de materiais non semellantes e integrados na contorna, como o xabre ou a saburra, agás cando a pendente do camiño determine a procedencia de empregar outro pavimento.
- Cando non comprometa a viabilidade do proxecto e sexa tecnicamente viable, recoméndase trasladar os muros ou valados tradicionais de pedra que tivese un singular interese aos novos lindes dos predios.
- A anchura dos camiños adaptarase á función que deban cumprir, ben sexa a comunicación coas redes exteriores, ben o servizo ás parcelas. No viario de nova apertura seguirase a morfoloxía do terreo e os seus cambios de nivel, sempre que sexa posible dende o punto de vista de seguridade do tráfico que discorra por eles, evitando os trazados que provoquen maiores movementos de terras e posible afectación aos elementos de singular interese paisaxístico identificados no estudo de impacto e integración paisaxística que se decidise manter por non comprometer a viabilidade do proxecto.
- Minimizar a eliminación de vexetación autóctona e masas arboradas de caducifolias durante as fases de execución.
- Limitar as obras de nivelación ás requiridas para mellorar o aproveitamento das parcelas, de modo que se evite alterar de forma substancial a topografía do territorio, e se adapten os predios de substitución á topografía existente.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto de reestruturación.

3.-A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal informa favorablemente a reestruturación parcelaria, incidindo nos seguintes puntos:

- Na existencia do monte veciñal en mano común (MVMC) de Sisoí para o cumprimento das condicións das reestruturacións parcelarias segundo o artigo 25 da Lei 4/2015 para os MVMC.
- Na importancia da ordenación de usos preferentes para a zona de reestruturación para o:
- Cumprimento das condicións das repoboacións forestais (artigo 67 da Lei 7/2012).
- Cumprimento das condicións para cambios de actividade forestal a agrícola (artigo 60 da Lei 7/2012).





- Cumprimento dos requisitos de xestión de biomasa marcados pola Lei 3/2007.

4.-O **Consello da Cultura Galega** remite opinión sobre cuestións correspondentes á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao non afectar a bens de interese cultural. En canto a outros elementos, teranse en conta as indicacións do estudo de impacto ambiental.

- A actuación proposta é compatible cos valores funcionais da paisaxe existente tendo en especial consideración as zonas de exclusión propostas.
- Desde o punto de vista da ordenación do territorio, a transformación proposta é compatible coas características edáficas e topográficas da área.
- A actuación proposta pode afectar á conservación de hábitats de interese comunitario.

Como conclusión final, resumo das anteriores, estímase que a reestruturación parcelaria pode ser autorizada, primando actuacións encamiñadas a preservar os bens culturais e os hábitats das zonas excluídas no estudo de impacto ambiental.

5.- A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** informa que á vista da análise da documentación recibida, o promotor do Proxecto da Reestruturación Parcelaria debe ter en conta as seguintes consideracións:

■ Actuacións dentro da Rede Natura 2000.

- A reestruturación parcelaria deberá aterse ao disposto no Decreto 37/2014, tratando de obter un resultado globalmente positivo en canto aos obxectivos de conservación establecidos.
- Vista a dinámica actual dos cambios de ocupación do chan en Galicia, deberase prestar unha especial atención a mellorar e manter a longo prazo o estado de conservación dos seguintes hábitats de interese comunitario:
 - 4020* Brezais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*,
 - 6220* Zonas subestépicas de gramíneas e anuais de Thero-Brachypodietea.
 - 6410 Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilolimónicos (*Molinion caeruleae*).
 - 6430 Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.
 - 6510 Padros pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).
- Débense conservar os humidais incluídos no Inventario de Humidais de Galicia.





- Pola súa importancia para determinadas aves, débese manter o máximo de sebes vivos.

■ Actuacións fóra da Rede Natura 2000.

Identifícanse e consérvanse, entre as formacións vexetais actualmente existentes no ámbito da reestruturación, aquelas que teñen un especial valor ambiental e que, pola súa reducida representación no espazo para reestruturar e/ou posición, adquiren unha singular importancia como hábitat ou como refuxios para as especies de flora e fauna que alí viven. Entre estas formacións singulares poden atoparse, por exemplo, as seguintes:

- Humidais (hábitats turbosos, lagoas, etc). Deben evitarse en todo caso modificacións do seu réxime hídrico e deberán destinarse a un uso acorde coas súas características.
- Masas boscosas de especies autóctonas tales como fragas, reboleiras ou soutos de castiñeiro, especialmente cando inclúan árbores moi vellos.

En concreto as masas arboradas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e régúlase o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

- Vexetación de ribeira. Manter esta vexetación resulta útil, ademais, para defender as parcelas de erosión fluvial. Para determinar a anchura da vexetación de ribeira a conservar pode facerse uso do criterio establecido no anexo II, letra g, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ao establecer que as distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais, con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho, serán de 5 m cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e de 15 m no resto de especies, a contar desde o dominio público.

■ Plan de cultivos orientado aos aproveitamentos futuros.

Debe incluírse unha delimitación espacial dos terreos agropecuarios e forestais, que servirá de base para identificar e medir a superficie sobre a que se prevé que se producirá un cambio de uso do solo a medio prazo tras a reestruturación parcelaria.

As alteracións substanciais das cubertas vexetais débense estimar, clasificar, cuantificar e describir, dado que poden ter efectos apreciables sobre os compoñentes do patrimonio natural.

■ Para as especies que se indican, trasládanse as seguintes orientacións:

- En relación cos anfibios ameazados, a expansión de matogueiras e arbustos nas parcelas de cultivo abandonadas é un factor de ameaza, así como a colmatación de acequias de regadío e charcas nas praderías de sega en desuso, destrución por abandono de pozos, albercas, bebedoiros, etc.





- Para a conservación de *Tetrax tetrax*, *Burhinus oedicephalus* e *Vanellus vanellus* proponse as seguintes medidas:
 - Promover unha extensificación xeral das prácticas agrícolas.
 - Introducir etapas de descanso nos ciclos dos cultivos, de xeito que se fomenten os barbeitos, tanto os de curta como os de longa duración.
 - Evitar o abandono de terras agrícolas que son colonizadas por especies arbustivas.
 - Ordenar os proxectos e labores de regadío nas áreas de distribución destas especies.
 - Favorecer os cultivos de secano.
 - Conservar os lindes entre parcelas de cultivo.
 - Conservar e fomentar áreas de pasteiros naturais e seminaturais pastoreados.
 - Conservación de matogueiras en terreos areosos e/ou pedregosos sometidos a pastoreo.
 - Conservación e manexo axeitado de áreas encharcadizas en zonas agrícolas, evitando o seu drenaxe, e de veigas.
- Para a conservación de *Circus cyaneus* e *C. Pygargus* proponse as seguintes medidas:
 - Protexer os brezais e toxeiros da súa transformación en cultivos forestais.
 - Manter a superficie ocupada por prados, pastos e pasteiros nas áreas de distribución potencial de ambas especies.
 - Limitación da superficie de cultivos sen interese para os *Circus*: millo e pataca en sistemas intensivos con transformación de grandes superficies.
 - Avaliación dos proxectos de regadío en áreas de nidificación de *Circus*.
- Un dos elementos que van a afectar notablemente ao entorno son as infraestruturas asociadas á concentración parcelaria. Afección que se induce tanto no medio biótico como abiótico e por extensión no perceptual. Deberase, por tanto, minimizar este impacto para o que se estiman pertinentes as seguintes consideracións:
 - Os viais axustaranse á topografía do terreo para minimizar o movemento das terras e reducir os impactos. O modelado dos taludes e o trazado dos viais evitará formas demasiado artificiais procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, integrándose co medio natural e por extensión coa paisaxe.





- Esta asimilación á fisiografía do entorno debe entenderse tamén no seu trazado, evitando os rectilíneos, tendendo a seguir as curvas de nivel do terreo. Evitarase o efecto cuadrícula tan habitual nas reestruturacións parcelarias.
 - Os viais que deseñen deben ter moi presente a biocenose e a paisaxe, evitando a afección aos hábitats máis sensibles e importantes.
 - Adoptaranse as medidas pertinentes que garantan que non se orixinen desprendementos, fenómenos erosivos, contaminantes ou cambios hidrolóxicos.
 - Aproveitarase ao máximo posible a existencia de antigos accesos para o trazado das novas pistas.
 - No caso de que nos camiños de servizo se necesite habilitar pasos canadenses, deberanse deseñar as medidas necesarias que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foso.
 - Evitarase modificar as zonas de escorrenta para non influír nos ecosistemas naturais augas abaixo das infraestruturas. Neste sentido, deberanse colocar tantos pasos de auga como vagoadas teña o terreo, dimensionándose adecuadamente para evitar o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Esta medida será empregada como paso pola pequena fauna (anfíbios, réptiles e micromamíferos).
- Os estudos necesarios deberán ser elaborados por persoal con capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.

6.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** informa que o promotor do proxecto adoptou, como medida preventiva, a realización dunha prospección arqueolóxica do ámbito da zona de reestruturación parcelaria. O obxecto desta prospección é elaborar un catálogo dos bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polo proceso de concentración ou reestruturación parcelaria. A memoria técnica desta prospección non incorpora unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural dado que no momento no que se redactou, a proposta da rede de camiños estaba en fase de elaboración.

Durante o proceso de reestruturación parcelaria poden ocasionarse impactos sobre o patrimonio cultural na fase de execución de obras (camiños principais e secundarios ou acceso a novos predios). Outras das afeccións a considerar son a transformación das características do territorio e, especialmente sobre bens arqueolóxicos, os usos das novas fincas de reemprazo.

É preciso que se informe ao promotor do proxecto dunha serie de recomendacións a ter en conta durante todo o proceso:

- A rede de camiños deberá apoiarse na medida do posible sobre os camiños rurais xa existentes, non atravesando as zonas de protección do patrimonio cultural salvo que sexa estritamente necesario.





- As trazas dos novos camiños buscarán respectar a vexetación de bordo dos camiños antigos cando coincidan en traza, mantendo cando menos un bordo do camiño vello coa vexetación existente e os muros de pedra.
- Os camiños que rematen nos núcleos tradicionais deberán ir reducindo o seu ancho a medida que se achegan a eles, progresivamente ata acadar o ancho do camiño no que desembocan, evitando transicións bruscas entre anchos, xa que logo no interior destes núcleos os viais son, normalmente, moito máis estreitos.
- No contorno dos bens declarados de interese cultural (BIC) deberase conservar maioritariamente a estrutura parcelaria e camiños existentes, co obxecto de non modificar a paisaxe que a arrodea.
- Respecto ao deseño do novo parcelario, deberase prever o seu axuste o máis posible ao existente, conservando o maior número posible de elementos conformadores da paisaxe rural, sobre todo nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, permitíndose agrupar parcelas de reducida extensión para unificar e facilitar o cultivo, pero sen introducir novas liñas, alleas ás existentes, que desfiguren o carácter tradicional destas áreas.
- Asemade, o deseño das futuras fincas deberá ser coherente coa preservación dos camiños tradicionais e corredoiras que se identifiquen no estudo do patrimonio cultural, e que non estean incluídas na rede de camiños principais, de xeito que podan seguir en uso ou dar acceso ás parcelas.
- Tendo en conta que a paisaxe tradicional está caracterizada pola abundancia de valos artesanais de pedra que delimitan as actuais fincas e camiños, así como de lindes vexetais formados por ringleiras de árbores e/ou arbustos, sería axeitado que estes se tiveran en conta no deseño das futuras parcelas co fin de facer coincidir, na medida do posible, os antigos e os novos lindeiros de fincas e así conservar estes elementos tan característicos desta paisaxe galega. Os elementos de valor etnográfico e cultural que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto de recuperación, desmontándoos e aproveitándoos para definir as novas fincas.
- Recomendase que os xacementos arqueolóxicos de maior extensión se incorporen a unha masa común.
- Elementos etnográficos de uso público como pontellas, fontes, pozas de rego, cruceiros, etc..., deberán quedar en zonas exentas de reparcelación e garantir o seu acceso.

Con posterioridade á data de emisión do informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, recibíuse na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens culturais a notificación da existencia dun novo elemento. O Recinto de Montoucido/Outeiro de Arcillá. Este elemento incorporouse ao Arquivo de xacementos arqueolóxicos de Galicia, co código RE27015021.





É importante ter en conta que aos efectos de determinar a potencialidade arqueolóxica deste elemento é necesario que se leven a cabo unhas sondaxes arqueolóxicas valorativas.

Na zona na que se localiza o citado recinto proxéctase a construción de varios camiños (D, D-1, D-3 e D-5) cuxa execución suporía unha importante afección sobre este ben. Polo tanto, a existencia deste novo elemento debe terse en conta na planificación do proceso de reestruturación parcelaria da zona.

De acordo co artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.92 do 16.05.2016) os proxectos de obras que se desenvolvan no ámbito do proceso de reestruturación parcelaria, deben ser informados pola consellería con competencias en materia de cultura.

Aos efectos de autorización ou informe do proxecto de obras (camiños principais e secundarios, e de ser o caso, obras de acondicionamento de fincas ou acceso a predios), o promotor achegará xunto co proxecto construtivo (en soporte dixital), unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural cun catálogo de bens culturais elaborado en base aos resultados da prospección arqueolóxica.

O catálogo debe contar cunha ficha individualizada de cada un dos bens que conterà, a lo menos, a información seguinte::

- Identificación do ben: nome, concello, parroquia, lugar.
- Réxime xurídico do ben (BIC, catálogo ou censo).
- Referencia a coordenadas UTM e o ETRS 89 (fuso 29).
- Representación gráfica, a escala 1:5.000, de cada un dos bens na cartografía catastral, nos planos topográficos e na ortofotografía. As tramas a empregar ou capas non deben ocultar a información do estado actual de embaixo.
- Fotografías do elemento, sinalando na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.
- O ámbito de ocupación dos bens culturais, debe representarse nos planos parcelarios, topográficos e na ortofotografía. A escala de representación recomendada nos planos xerais é de 1:5.000.
- Para a delimitación do ámbito de ocupación de cada un dos bens (especialmente no caso dos de carácter arqueolóxico) e do seu contorno de protección, ademais do traballo de campo, deben empregarse as diferentes ferramentas e visores do IET.
- Relación das parcelas catastrais nas que se localiza o ben, e o seu contorno de protección. Estas deben terse en conta ao efecto de información aos propietarios.

A realización de novas pistas, así como a ampliación de pistas existentes, a eliminación de elementos lineais que configuran a paisaxe, e a modificación do relevo natural das áreas de protección dos elementos do Patrimonio Cultural, terá carácter excepcional e, en todo caso requirirá a elaboración dun estudo detallado do





entorno do elemento afectado. Este documento deberá incluír, ademais da información da ficha do catálogo, o seguinte::

- Fotografías do elemento e da zona na que se van a executar as obras. Debe sinalarse na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.
- Especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto.
- Planimetría de detalle, sinalando as distancias reais das obras aos elementos do patrimonio cultural. Aportaranse seccións transversais dos novos camiños, onde se reflicta a relación co elemento, sinalando a rasante actual e a proposta. No caso de acondicionamento de camiños existentes sinalarase o estado actual e a proposta de obra e aportaranse fotos do estado actual dos camiños.
- Valoración das afeccións reais e proposta de medidas protectoras e correctoras.

Nas áreas de interese de patrimonio cultural debe de terse en conta, aos efectos de documentación, a técnica tradicional da construción de pedra en seco, que como tal está incluída no censo do patrimonio cultural, como manifestación do patrimonio cultural inmaterial (DOG núm. 186 do 29.09.2016). Polo tanto no caso de que na zona de afección se documenten construcións que empreguen a técnica da pedra en seco, dadas as determinacións contidas na LPCG e na resolución pola que se inclúe no censo do patrimonio cultura a referida técnica é preciso levar a cabo un proceso de documentación dos exemplos máis característicos da técnica.

A este efecto, na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, ncorporarase un informe específico no que se documente a tipoloxía de construción de pedra en seco da zona. Debe de empregarse a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados editada pola Xunta de Galicia no ano 2017.

A documentación da técnica de construción de pedra en seco realizarase mediante fotografías e sinalaranse nun plano os tipos de peche e demais construcións documentadas.

Cara a unha mellor avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, xunto co estudo achegarase unha capa ou arquivo SHP no que se representen todas as obras e instalacións do proxecto e outra na que se recolla a malla de puntos correspondente ao perímetro dos bens culturais localizados.

En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

7.-O Concello de Cospeito, informa que dende o ámbito de competencia municipal en relación aos aspectos ambientais solicitados non se considera establecer ningún condicionado ao proxecto distinto do sinalado no documento de estudo de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Arcillá, Bestar, Vilar e Sisoí e sen perxuízo da consideración das medidas protectoras e correctoras de carácter ambiental que o promotor prevea adoptar na tramitación do documento ambiental presentado.





8.-A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**, á vista da documentación remitida, informa o seguinte:

- Para todo o que fose de aplicación como consecuencia do disposto no Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, considerase que calquera tipo de obra, traballo ou afección fixa ou temporal que poida afectar ás canles ou as súas zonas de protección (zona de servidume e policía), así como calquera aproveitamento de augas públicas, superficiais ou subterráneas, ou calquera vertido, directo ou indirecto, que poida afectar as mesmas precisará da previa autorización e/ou concesión da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
- As repoboacións propostas no proxecto realizaranse de acordo co Real Decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, e de acordo co disposto nos artigos 73 e 74 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico e no artigo 34, Tala e Plantación de Árbores do Anexo III do Real Decreto 1/2016 (Plan Hidrolóxico do Miño-Sil), en particular no apartado 3 onde se di que: "En todo caso, deberase respectar o dominio público hidráulico na franxa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía, de xeito que as plantacións que se autoricen non se realicen con especies alóctonas ou exóticas invasoras, consonte o artigo 3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, co obxectivo de preservar o estado do dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes, e prever o deterioro do ecosistema fluvial, contribuíndo a súa mellora. En calquera caso, nos se poderán realizar plantacións nas canles das augas baixas", así como na circular de Presidencia de este Organismo de Cunca do 8 de febreiro de 2017. A continuación, móstrase un esquema ilustrativo onde se especifican as zonas de prohibición e de autorización de plantación de especies arbóreas.
- A eliminación da vexetación no dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes de servidume e policía, contará previamente coa preceptiva autorización do Organismo de Cunca segundo disposto nos artigos 7, 9 e 81 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico e o artigo 34, Tala e Plantación de Árbores do Anexo III. Disposicións normativas do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, do Real Decreto 1/2016. Deberá terse en conta o dominio público hidráulico e a franxa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía. No caso do uso de produtos fitosanitarios realizarase de acordo co especificado no Real Decreto 131/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, no que figura o Capítulo VII relativo á protección do medio acuático e da auga potable. En todo caso, segundo Artigo 97 Actuacións contaminantes prohibidas do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas: "Queda prohibida, con carácter xeral, e sin perxuízo do disposto no artigo 100, toda a actividade susceptible de provocar a contaminación ou degradación do dominio público hidráulico [...]".
- En canto aos ecosistemas riparios e as demais formas de vexetación cartografiadas nas que a degradación ou desaparición supoña o deterioro do medio hídrico, estudarase a inclusión de medidas de restauración da vexetación





con especies autóctonas conforme as normas aplicables neste tipo de actuacións así como todo o disposto no artigo 48, Normas específicas que deben cumprir as obras a construír no dominio público hidráulico, del RD 1/2016 de 8 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrológico da parte española da DHMS.

- Precisaré autorización previa por parte do Organismo de Cunca toda actuación silvícola que afectara á calidade do recurso hídrico vinculado as zonas protexidas recollidas no Plan Hidrológico da parte española da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil segundo disposto no punto 2 do artigo 22 do anexo III do Real Decreto 1/2016 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrológico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Na zona de afección do proxecto existen concesións/recoñecementos por disposición legal para o aproveitamento de augas, polo que, á hora de executar os traballos e a explotación posterior, deberanse extremar as medidas corretoras e preventivas para que os aproveitamentos non se vexan afectados.

3.-Condicións ambientais.

Efectuada a análise do expediente, a presente declaración refírese en exclusiva ao proxecto de desenvolvemento do proceso de reestruturación parcelaria de Arcillá, Bestar, Vilar e Sisoi, no Concello de Cospeito, Provincia de Lugo.

Para todo o contido deste informe, no proceso de reestruturación, teranse en conta as seguintes fases:

a) Fase de formulación, nesta fase realízanse os documentos que deberán contar cos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e tamén da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil:

- Respecto da distribución das parcelas: o proxecto e o acordo de concentración parcelaria.
- Respecto da execución de obras: o Proxecto de Rede de camiños e Obras inherentes á concentración, e o Proxecto de Acondicionamento de Fincas e outros Proxectos de Obras Complementarias.

b) Fase de execución, terá os seguintes aspectos:

- Replanteo e conformación de novas fincas de substitución.
- Construción da rede de novos camiños de servizo.
- Obras de infraestruturas de drenaxe.

c) Fase de explotación, terá os seguintes aspectos:

- Toma de posesión das novas fincas.





- Uso das obras complementarias.

3.1.-Protección do solo.

3.1.1.-Fase de formulación.

3.1.1.1.-Movementos de terras.

- Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, a selección das zonas realizarase en base a criterios ambientais. Se terá en conta que no caso en que existan ocos na contorna, procedentes de actividades extractivas abandonadas, ou movementos de terras, primará o seu uso fronte ao de outras zonas, sempre que sexa viable, e sempre que estean integrados na contorna. En ningún caso se realizarán depósitos dos sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes, identificados no estudo ambiental.
- Definiranse así mesmo as zonas dedicadas a maquinaria e casetas de obra. Estarán debidamente balizadas e illadas do resto da vexetación con gabias ou trampas que eviten as perdas ou verteduras ao resto do lugar a tratar. O finalizar, ditas zonas, deberán ser recuperadas e revexetadas con vexetación autóctona.

3.1.1.2.-Rede de camiños.

Deberanse tomar as seguintes medidas de conservación:

- No trazado dos camiños, aproveitarase o máximo os xa existentes, conservando a maior parte da vexetación arbórea autóctona, e valados de pedra. Tenderase a seguir as curvas do terreo.
- Evitarase a perda de capacidade de filtración das marxes dos regatos, así como o aumento de escorrentía directa nas zonas dos cruces. Realizarase a plantación de especies de ribeira autóctonas, nas beiras que resulten danadas ou carezan de vexetación.
- Aplicaranse medidas preventivas durante a manipulación dos formigóns e cementos, para evitar arrastres e vertidos aos cursos fluviais que danen á fauna acuática. Non estará permitido o lavado de cubas e ferramentas. Cando non se poida realizar o lavado na planta de preparación, acondicionarase un espazo estanco, coa posterior xestión dos residuos.
- Os residuos resultantes das accións previstas, non poderán ser acumulados en lugares próximos ao río para evitar ser arrastrados por choivas, debendo ser tratados e xestionados segundo a lexislación vixente. Prohibirase o vertido e lavado de cubos e ferramentas.
- Excluirase de toda actuación o ancho da ocupación dos recursos fluviais e das canles, xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira e as zonas de exclusión delimitadas no EIA, exceptuando os casos de cruzamento da rede fluvial; neste caso os estribos das estruturas de paso situaranse a polo menos 5m desde a liña de máximas crecidas ordinarias.





- A proposta definitiva da rede de camiños, debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución, e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.

3.1.2.-Fase de execución.

3.1.2.1.-Materiais de préstamos e canteiras.

- Os materiais de préstamo, necesarios para o desenvolvemento das obras, terán que proceder de explotacións autorizadas, e definiranse os lugares de amoreamento de materiais e verteduras integrándoos no medio. Con carácter xeral non se efectuarán préstamos na zona, excepto previa xustificación previa, e deberán efectuarse en lugares sinalizados, e posteriormente proceder a súa integración no medio. Sempre que sexa técnica e economicamente viable, empregaranse tecnosoles ou solos reciclados, seleccionándose zonas que van a ser afectadas polas obras. Cando se precisen achegas externas de terra vexetal, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio.

3.1.2.2.-Construcións.

En relación as construcións, haberá que balizar as zonas de exclusión, co obxecto de minimizar os impactos sobre os ecosistemas fluviais e teselas de especies de vexetación. Evitarase a elaboración de formigón na propia obra.

3.2.-Protección das augas.

Deberase ter en conta, tanto na fase de formulación como na fase de obras, o indicado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil no seu informe de data 23/02/2021.

3.3.-Xestión de Residuos.

- Os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo, deberán ser depositados en contedores habilitados (Sistema integrado de Xestión de Envases) ou entregado a un xestor de envases.
- Con respecto a biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima no lugar, de ser o caso, deberá contar coa autorización regulamentaria.
- Cando sexa posible estes restos deberán ser compostados. Para a súa integración sobre o terreo levarase a cabo a trituration e incorporación ao solo, deste xeito se diminúe o risco de incendios forestais, evitando a aparición de pragas.
- Haberá que evitar toda actuación que leve asociada a vertedura accidental de sustancias contaminantes na zona da concentración parcelaria e na súa contorna.

3.4.-Protección da fauna, vexetación e espazos protexidos.

No que respecta a protección da fauna, da vexetación e dos espazos protexidos, estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, tendo en conta os seguintes puntos:

3.4.1.-Fase de Formulación.





4.4.1.1.-Áreas con valores naturais.

Haberá que ter especial atención coas áreas sensibles, adoptando medidas protectoras e correctoras. Tamén serán obxecto de un seguimento e vixilancia ambiental. Estas áreas deberán ser sinalizadas durante o replanteo da obra.

As medidas adoptadas serán as seguintes:

- Restrinxirase ao máximo a eliminación da vexetación arbórea autóctona, das sebes de separación das parcelas, e respectaranse as árbores de maior tamaño e porte.
- Antes do inicio das obras, haberá que facer unha prospección para detectar a presenza de taxons e hábitats protexidos pola lexislación vixente, adoptando as medidas necesarias para a súa preservación.
- Non se poderá alterar o hábitat de especies protexidas, e comunicarse o seu achado a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Ao longo de todo o proceso de concentración parcelaria adoptaranse as medidas necesarias para evitar a afección dos elementos protexidos.
- Deberanse incorporar o deseño das novas parcelas, as sebes, lindeiros e arborados presentes na zona. A se mesmo consideraranse áreas sensibles os ecosistemas ligados a auga, os corredores ecolóxicos e demais hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural ou paisaxístico, como vexetación de ribeira, sebes, peches, bancais, corredoiras, etc. Así mesmo as especies vexetais e faunísticas, endémicas ou protexidas.
- Manterase o mosaico agrogandeiro.

3.4.1.2.-Terreos forestais.

Nas zonas da concentración parcelaria os aproveitamentos das zonas forestais levaranse a cabo de acordo cos características culturais de cada especie, tratamentos silvícolas, e tipos de corta de rexeneración.

3.4.1.3.-Paso de animais.

Cando sexa necesario habilitar nos camiños pasos canadenses, para impedir o paso de gando, haberá que habilitar medidas que fagan posible o escape de pequenos vertebrados que poidan caer o foxo.

3.4.2.-Fase de explotación.

3.4.2.1.-Xestión e protección das áreas con valores naturais.

Antes de realizar os labores de roza de mato e formacións herbáceas, comprobarase a ausencia de especies de interese. No caso de presenza adoptaranse medidas para evitar as afeccións sobre as mesmas, e prestarase atención principalmente as especies en perigo de extinción, tomando as medidas seguintes:





- Procederáse o balizamento das masas e formacións vexetais de interese ambiental, para evitar a súa eliminación.
- Reducirase a eliminación da vexetación, respectando toda vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras.
- Eliminación de especies exóticas e invasoras.
- Prohíbese a plantación de especies de crecemento rápido.

Cando se leven a cabo repoboacións, en zonas forestais, estas axustaranse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, contando co informe favorable da Consellería do Medio Rural.

3.4.2.2.-Presenza de fauna.

Verificarase a ausencia de avifauna nidificante antes das labores de corta da arboreda ou roza de mato, no caso de que se atopen, adoptaranse as medidas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, especialmente as especies vulnerables, e en perigo de extinción que abundan nas árbores e no chan.

No caso de existir avifauna nidificante, adoptaranse medidas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Establecerase un perímetro de seguridade de 500 metros, libre de maquinaria e de todo tipo de tráfico que garanta a tranquilidade das aves.

3.5.-Protección do Patrimonio Cultural.

Para a protección do patrimonio cultural estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, segundo o recollido no punto 2, do presente informe.

3.6.-Integración paisaxística.

Para levar a cabo unha mellor integración paisaxística da zona, teranse en conta os seguintes puntos:

- O deseño dos viarios farase seguindo as curvas de nivel, e se disporán entre límites de zonas agrogandeiras e de montes.
- Cando o camiño estea limitado por árbores, procurarase anchealos só cara un dos lados, e non a ámbolos dous lados, así manterase a vexetación natural das bandas do camiño.
- Empregaranse especies autóctonas que procederán de a mesma zona, ou zonas similares, e se terá en conta o disposto na orde do 17 de marzo de 2005, da Consellería de Medio Ambiente, Sostibilidade, Territorio e Vivenda.
- As especies a utilizar deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo.





- Cando sexa necesaria a eliminación dalgún exemplar de especies arbóreas autóctonas, estas deberán ser replantadas na restauración.
- No deseño do novo parcelario, favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes, mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais que sexan de interese ambiental.
- Deberase procurar que na reorganización das propiedades, as parcelas que resulten da agrupación, manteñan as características morfolóxicas do parcelario de orixe, procurando que se manteñan os lindeiros de maior valor ecolóxico.

3.7.-Condicións Xerais.

3.7.1.-Fase de formulación.

- Todo deterioro que se lle ocasionen ás infraestruturas viarias, debido ao uso que se faga delas durante a fase de explotación, deberá ser reparado, aplicándose en todo caso ás obras de reparación, as cautelas e medidas de protección medioambientais, recollidas no presente informe, e os recollidos polos organismos consultados.
- Notificarase aos propietarios e daráselles información sobre a obriga legal, de obter permisos para a corta de especies arbóreas, informarase así mesmo doutras obrigas establecidas na normativa vixente, en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal e conservación da superficie agraria, entre outras.
- Desenvolveranse as medidas que sexan necesarias, para evitar impactos asociados á fase de formulación, entre eles atopase a construción de peches, cortas indiscriminadas de vexetación, e a modificación abusiva de cultivos.
- Durante a fase de replanteo, deberán levar a cabo os controis necesarios para garantir a inexistencia de impactos, e no momento no que se detecten tomaranse as medidas necesarias para evitalos, comunicándollo ao organismo que proceda, xunto coas medidas a adoptar.
- Haberá que asfaltar as pistas con maior tránsito.
- Velarase pola protección dos valores naturais, paisaxísticos e patrimoniais, de interese local.
- Prohíbese a reforestación de zonas agrícolas con especies de crecemento rápido.
- O proxecto non modificará as condicións hidrolóxicas do ámbito de actuación.

3.7.2.-Fase de explotación.

- Nos límites da zona de concentración parcelaria, farase un control topográfico de ditos límites, dos predios de substitución, e da traza de camiños.





- Con respecto a servidume, manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso, que existan na actualidade. De cortarse o paso dalgunha vía, deberanse crear rutas alternativas co mesmo servizo.
- Cando houbese estradas afectadas, camiños ou calquera outra infraestrutura, deberán restituírse ao estado previo das obras.
- Farase un uso sostible da zona, mediante a toma de criterios de sustentabilidade ambiental.

3.8.-Plan de seguimento e vixilancia ambiental.

3.8.1.-Fase de formulación.

Redactarase un programa de Vixilancia e seguimento Ambiental, que terá en conta todos os impactos avanzados, no documento ambiental.

Dito programa terá como obxecto garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no documento ambiental, nos informes dos organismos consultados, e no condicionado do presente informe. As actuacións que se executen, e se integren na documentación, incluíndo as referentes ás actuacións ambientais e as de patrimonio, deberán quedar reflectidas en planos de escala adecuada, e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, e terán o seu reflexo no capítulo de orzamentos do proxecto de Concentración Parcelaria. Será o órgano substantivo o responsable de que se acaden os fins a conseguir, tendo en conta o seguinte:

- Todas as análises e medicións, deberán ser realizadas por organismos de control autorizados, ou entidades acreditadas, e os resultados deberán ser asignados por un técnico autorizado.
- As tomas de mostras, serán representativas, e tamén as medicións, realizaranse durante os labores de maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa se detectasen impactos imprevistos, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, terá que propoñer as medidas correctoras necesarias.
- No programa de vixilancia e Seguimento Ambiental, incluírase un Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe, coas medidas propostas, engadindo a súa vez as propostas informadas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural. No que respecta a calidade das augas superficiais, se indicarán as análises de augas que se realizarán, así como os puntos de mostra e a frecuencia das análises, seleccionaranse os puntos de toma de mostras, augas arriba e augas abaixo, da zona afectada.

3.8.2.- Fase de execución e de explotación.

Levarase a cabo o programa de Vixilancia Ambiental, do que se responsabilizará a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, e como órgano substantivo, estará o disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.





4.-PROPOSTA.

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Manuel Díaz Cano (Asinado electronicamente)

Conforme

O subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Juan Manuel Camiño Soto (Asinado electronicamente)

Resolve:

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto de reestruturación parcelaria das parroquias de San Paio de Arcillá, Santa María de Besta, Santa Eulalia de Sisoi e Santa María de Vilar, no concello de Cospéito (Lugo), promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar condicionados adicionais aos anteriores.

Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente, deberásele notificar previamente a esta Dirección Xeral, quen o avaliará e decidirá sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso se procede ou non modificar a declaración ou iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

Esta declaración farase pública a través do DOG e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, remitiráselle ao promotor e o órgano substantivo para os efectos oportunos.

De acordo co artigo 41.4 da Lei, contra esta DIA non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto..

Santiago de Compostela, (na data de sinatura electrónica)

A Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
María Sagrario Pérez Castellanos (Asinado electronicamente)

